



INSTRUCCIÓN PARA A CORENTENA DUN CONTACTO ESTREITO DUN CASO DE COVID-19

Todos os contactos estreitos de casos confirmados ou probables de COVID-19 teñen que seguir unha corentena, agás os que están completamente vacinados e os que nos últimos seis meses tiveron unha infección activa de COVID-19. Con todo, en certas circunstancias estas últimas persoas tamén terán que seguir estas medidas de corentena [pode consultar os criterios de manexo de contactos estreitos na seguinte [ligazón](#)].

INSTRUCCIÓN PARA A CORENTENA

- **Permaneza en corentena no seu domicilio durante os 7 días seguintes ao último contacto co caso.**
- **Realice as probas** diagnósticas de infección activa (PDIA) **que lle solicite Saúde Pública** entre 5º e 7º día despois do último contacto. No caso **de non realizalas**, polo motivo que sexa, **deberá prolongar a corentena ata pasados os 10 días do último contacto co caso.**
- **Esta dispoñible por teléfono** por se é preciso contactar con vostede.
- Non reciba visitas no seu domicilio.
- Procure ter medios para o entretemento como libros, revistas, música, televisión etc.
- Manteña as mans limpa e láveas con frecuencia.
- Evite tocar o nariz, a boca e os ollos. Se os toca, lave inmediatamente as mans.
- Ventile ben a súa vivenda.
- **Se convive con outras persoas no domicilio que non son contactos do caso, terá que permanecer illado nun cuarto exclusivo.** Se isto non é posible, mantéñase a 2 metros de distancia das outras persoas, use unha máscara cirúrxica e manteña unha axeitada e frecuente hixiene de mans.
- Se vive só, ou todas as persoas do domicilio son contactos do doente, asegúrese de que algún familiar ou amigo poida levarlle os alimentos ou outros produtos que precise. Deixarán as bolsas fóra da casa e non entrarán na vivenda para deixalas.
- Se precisa desprazarse a outro domicilio para realizar estas medidas, consulte a seguinte [ligazón](#).
- Se está a traballar presencialmente e non pode teletraballar, chame ao centro de saúde para tramitar unha baixa.
- **Vixie que non aparece ningún dos síntomas sospeitosos da COVID-19** e, se aparece algún, quede na casa e pida unha cita telefónica no seu centro de saúde ou no 881 540 045 [consultar [instrucións de illamento para o caso sospeitoso](#)].
- **Unha vez pasen 7 días do último contacto co caso e obteña o resultado negativo na PDIA de control, vostede deberá seguir medidas de vixilancia por contacto ata pasados 10 días do último contacto co caso.** Pode consultar as medidas de vixilancia na seguinte [ligazón](#). No caso de non poder cumprir as medidas de vixilancia, vostede deberá permanecer en corentena ata pasados 10 días despois do último contacto co caso.